

Silvia Penide despedirá o 2023 en Arteixo cun novo directo inclusivo da súa xira ‘XX aniversario’

O concerto, no que a cantante estará acompañada de banda e intérprete de lingua de sinais, terá lugar a partir das 20.30 horas do venres 29 de decembro no auditorio do centro cívico e cultural da localidade coruñesa

Mientras dura el aplauso, o álbum que festexa as dúas décadas da artista sobre os escenarios e que presenta nesta xira, xa está dispoñible nas principais plataformas dixitais



A Coruña, 19 de decembro de 2023.- Silvia Penide despedirá o ano do seu 20 aniversario sobre os escenarios na súa localidade natal, Arteixo. A cantante e compositora ofrecerá un novo directo inclusivo no marco da súa xira *XX aniversario* no Centro Cívico Cultural arteixán o vindeiro **venres, 29 de decembro, a partir das 20.30 horas.**

As entradas para o concerto de Silvia Penide en Arteixo están dispoñibles en liña, por 4€ (3€ a prezo reducido) a través da plataforma www.eventosarteixo.com, mais tamén é posible adquirir os billetes no propio Centro Cívico Cultural de Arteixo en horario de mañá, de 11.30 a 13.30 horas, ou até dúas horas antes do inicio do directo.

Na cita, a creadora estará acompañada pola súa **banda ao completo** (Carla López -teclado e coros-, Paul Álvarez -guitarra- e Bruno Couceiro -batería) así como por unha **intérprete de lingua de sinais** (Natalia Navaza). A cita, **apta para todos os públicos** e que contará con algunha sorpresa, está promovida pola área de Cultura do Concello de Arteixo e tamén conta co apoio da rede cultural da Deputación da Coruña.

A xira *XX aniversario* recolle tamén as creacións de ***Mientras dura el aplauso***, o primeiro vinilo que Silvia Penide publica na súa traxectoria. Dispoñible nas principais plataformas dixitais desde o pasado 1 de decembro, o disco recupera algúns dos grandes éxitos da artista ao longo dos seus vinte anos sobre as táboas e inclúe un tema inédito: *El colchón y el diván*. Neste novo traballo discográfico, a cantautora conta con grandes voces do panorama musical galego e estatal, como **Mercedes Ferrer, Víctor Manuel, Guadi Galego ou Javier Álvarez** para reinterpretar as súas creacións. En *Mientras dura el aplauso*, a compositora tamén comparte cancións con **Eladio Santos, Ugía Pedreira, Félix Arias, Andrés Suárez** e algúns membros da asociación de enfermidades raras e epilepsia **West Galicia e do alumnado do CEIP Novo Mesoiro** da Coruña, cos que entoa o sinxelo *Diferentes Diferenzas*, tema que pecha a cara B do vinilo e que nace do libro homónimo escrito pola propia Silvia Penide.

SILVIA PENIDE - XIRA XX ANIVERSARIO

Data: 29 de decembro

Hora: 20.30h

Lugar: Centro Cívico Cultural de Arteixo

Entradas: 4€ (3€ prezo reducido) en www.entradasarteixo.com e na billeteira do recinto

Kit de prensa *Mientras dura el aplauso*

https://www.dropbox.com/sh/hxmpo8ipnaosd8k/AAAkF41zKd_Jt5974F9x-L_Ma?dl=0

Contacto de prensa

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321

lucia.pita@theofficeco.es

Management e contratación

DezDeDez Xestión Cultural

Tomí Legido - 677 428 150

dezdedez@gmail.com